

ESTATUTOS da Asociación Sindical de Actores, Actrices, Directores e Directoras de Galicia

CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN, NATUREZA, ÁMBITO TERRITORIAL E DOMICILIO

ARTIGO 1.- Denominación e Réxime Xurídico

A Asociación Sindical de Actores, Actrices, Directores e Directoras de Galicia constitúese segundo a lexislación vixente ao amparo da **Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical**, e demais disposicións que sexan aplicábeis.

En consecuencia, de acordo co establecido no articulado desta Lei, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar cumprindo os requisitos que a Lei establece.

ARTIGO 2.- Natureza Xurídica

A asociación é unha entidade sen ánimo de lucro de carácter profesional, autoxestora e autónoma, destinada a agrupar e defender os intereses dos actores, actrices, directores e directoras de Galicia.

ARTIGO 3.- Ámbito Territorial

A asociación desenvolverá as súas actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 4.- Domicilio e delegacións

O enderezo da Asociación queda establecido no Concello de Santiago de Compostela na Rúa das Salvadas, 2A, sen prexuízo de poder cambiar de domicilio cando así o decidir a Asemblea por maioría simple a proposta da Xunta Directiva.

Así mesmo, a proposta da Xunta Directiva, xunto co informe de viabilidade debidamente xustificado, a Asemblea Xeral poderá acordar por maioría simple a apertura de cantas delegacións considerar oportunas.

CAPÍTULO II: FINS DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 5.- Fins da Asociación

a) Agrupar actores, actrices para a defensa dos seus intereses profesionais.

b) Asesoramento e axuda na xestión aos membros da Asociación, mediante as accións xurídicas necesarias, en todas aquelas cuestións de traballo cooperativo, social, fiscal, sobre a propia imaxe ou calquera outro asunto relacionado coa súa profesión. Sempre que apareceren cuestións de orde laboral, ben individuais ou colectivas, a Asociación poderá actuar coordinadamente coas centrais sindicais de clase.

c) Captación de traballo para as persoas asociadas.

d) Accións xerais de fomento das artes escénicas e audiovisuais dirixidas ao conxunto da sociedade galega, mediante iniciativas de sensibilización e difusión (organización de premios, campañas informativas, foros de encontro, publicacións periódicas, etc.), de formación de públicos (cursos, charlas, xornadas, etc.), de apoio ao teatro e ao cinema, e de investigación sobre a situación do sector.

e) Elaboración de propostas de mellora, modernización e racionalización das políticas culturais en Galicia, particularmente de aquelas que afectan de forma directa aos sectores da escena e do audiovisual en Galicia

f) En xeral, calquera actividade que contribúa a estimular as prácticas e os consumos escénicos e audiovisuais en Galicia; a vertebrar, afianzar e proxectar o sector galego da escena e do audiovisual dentro e fóra da Comunidade Autónoma de Galicia; e todo tipo de iniciativas que conduzan a incrementar a captación de fondos no sector pola vía do patrocinio, mecenado e esponsorización.

CAPÍTULO III: ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE ASOCIADO/A. DEREITOS E DEBERES. PERDA DA CONDICIÓ DE ASOCIADO/A

ARTIGO 6.- Membros da Asociación

Poderán formar parte da Asociación:

Os actores, as actrices, os directores e as directoras titulados en calquera Escola de Arte Dramática oficial ou centro recoñecido relacionado coa súa especialidade, incluíndo as titulacións oficiais obtidas en calquera país estranxeiro.

Aqueles actores, actrices, directores e directoras que poidan demostrar mediante currículo xustificado con contratos asalariados ou documentación equivalente, a súa experiencia profesional no oficio, obtida tanto en Galicia como fóra dela. Este currículo será valorado pola Xunta Directiva e será esta quen decida a integración do novo membro.

ARTIGO 7.- Membros Honorarios

A Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva e previa aprobación por maioría simple, poderá habilitar a figura do membro honorario para recoñecer e destacar o traballo de profesionais dos eidos da escena e o audiovisual de Galicia.

De igual modo, poderán adquirir a condición de membro honorario as persoas físicas ou xurídicas cunha probada traxectoria no fomento da escena e do audiovisual galego, a través da realización de teatro e cine, da organización de toda clase de festivais e certames, ou da promoción de liñas editoriais de difusión do sector.

Os membros honorarios estarán exentos do pagamento das cotas indicadas para o resto do corpo asociativo, e non disporán de dereito a voto.

ARTIGO 8.- Ingreso e alta na Asociación

A solicitude de ingreso na asociación realizarase por escrito e implicará a aceptación dos presentes Estatutos. As altas de novos membros serán acordadas pola Xunta Directiva, que dará conta delas á Asemblea Xeral na reunión anual ordinaria.

Contra a denegación da solicitude de alta, a persoa interesada poderá presentar recurso ante a Asemblea Xeral, que ditaminará resolución definitiva unha vez examinado o caso.

ARTIGO 9.- Dereitos das persoas Asociadas

Serán dereitos dos membros da Asociación:

- a) Ser electores e elixíbeis para os cargos que creen os presentes Estatutos e aqueles que se poidan crear posteriormente, sempre que estean ao día nas súas obrigas asociativas.
- b) Asistir á Asemblea Xeral e a aquelas reunións ás que foren convocados, expresar libremente as súas opinións e emitir o seu voto.
- c) Propor temas para a orde do día da Asemblea Xeral Ordinaria, cun mínimo de 7 días de antelación.
- d) Expor á Xunta Directiva queixas e suxestións respecto á Asociación e ás actividades que esta levar a cabo.
- e) Solicitar información sobre a marcha da Asociación.
- f) Solicitar da Xunta Directiva o apoio necesario para a defensa dos seus intereses profesionais.
- g) Utilizar todos os servizos creados pola Asociación.
- h) Exercer o voto de censura á xestión da Xunta Directiva en Asemblea Xeral Extraordinaria, polo procedemento regulamentario.

ARTIGO 10.- Deberes das persoas Asociadas

Serán deberes dos membros da Asociación:

- a) Cumprir os acordos dos órganos da Asociación.
- b) Contribuír economicamente ao mantemento da Asociación (excepto os membros honorarios).
- c) Velar pola dignidade da profesión e o prestixio da Asociación.

d) Atender os cargos para os que foren elixidos e teñan aceptado.

ARTIGO 11.- Perda da condición de Asociado/a

Perderase a condición de Asociado/a por:

- a) Solicitude persoal por escrito ante a Xunta Directiva.
- b) Falta de pagamento equivalente ás cotas de tres trimestres.
- c) Incumprimento dos Estatutos.
- d) Deslealdade á Asociación.

A Xunta Directiva poderá suspender temporalmente un membro, que perderá nese período o dereito ás prestacións ofrecidas pola Asociación; porén, manterá o dereito a voz, mais non a voto.

As razóns para a suspensión temporal serán as mesmas que as anteriormente expresadas a respecto da perda de condición de Asociado/a, sempre e cando concorran circunstancias atenuantes suficientemente contrastadas e sometidas á valoración da Xunta Directiva.

Contra a resolución de perda da condición de Asociado/a ou suspensión temporal nos seus dereitos, a persoa interesada poderá presentar recurso, no prazo de 30 días a partir da notificación, ante a Asemblea Xeral, que dictaminará resolución definitiva unha vez examinado o caso.

Cando a perda da condición de Asociado/a for debida á falta de pagamento das cotas correspondentes, a persoa interesada poderá ser readmitida por acordo da Xunta Directiva previa solicitude persoal por escrito á mesma e previo pagamento das cotas adebedadas até causar baixa.

CAPÍTULO IV: ÓRGANOS DIRECTIVOS E ADMINISTRACIÓN

ARTIGO 12.- Órganos rectores da Asociación

Serán órganos rectores da Asociación:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Xunta Directiva.

ARTIGO 13.- A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral, integrada pola totalidade das asociadas e asociados, ostentará a representación máxima da Asociación e decidirá, pola maioría prevista nestes Estatutos, os asuntos propios da súa competencia.

Todos os membros da Asociación, quedan sometidos aos acordos da Asemblea Xeral.

ARTIGO 14.- Competencias da Asemblea Xeral

- a) Examinar e aprobar, se proceder, a Memoria e o Balance, así como a xestión da Xunta Directiva.
- b) Aprobar ou denegar o orzamento do ano posterior, e as cotas ordinarias e extraordinarias que propuxer a Xunta Directiva.
- c) Propor ou decidir modificacións nos presentes Estatutos.
- d) Aprobar o regulamento de réxime interior.
- e) Resolver todos aqueles asuntos para os que for convocada.
- f) Elixir interventores de contas.
- g) Elixir os membros dunha Comisión Xestora, se proceder.
- h) Autorizar, a proposta da Xunta Directiva, contratacións, hipotecas, dereitos de garantía e préstamos bancarios e outras operacións de crédito por importe superior a 1/3 das cotas estimadas dos asociados do ano en curso. Non obstante, poderase superar este límite na execución de convenios, subvencións e patrocinios cando as contratacións cumpran as finalidades previstas nos mesmos.
- i) Autorizar, a proposta da Xunta Directiva, a aceptación de herdanzas e legados que supuxeren a asunción de débedas.

ARTIGO 15.- Asembleas Ordinarias e Extraordinarias

As reunións da Asemblea Xeral poderán ser Ordinarias ou Extraordinarias.

A Asemblea Ordinaria reunirase, cando menos, una vez ao ano para a aprobación da xestión da Asociación e dos orzamentos anuais.

A Asemblea Ordinaria será convocada pola Secretaría da Asociación, por orde da Presidencia, con 15 días de antelación, fixando día, hora, local e a Orde do Día.

A Asemblea Extraordinaria reunirase cando a Xunta Directiva o considerar necesario ou conveniente, ou ben cando o solicitaren un 10% do censo de Asociados/as, dando conta dos asuntos que propón tratar.

A Asemblea Extraordinaria será convocada pola Secretaría da Asociación, por orde da Presidencia, fixando día, hora, local e a Orde do Día, cunha antelación de 5 días.

Será preciso convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria cunha antelación de 15 días cando na Orde do día figuraren asuntos para os que for necesario adoptar o acordo por maioría cualificada.

A convocatoria realizarase por correo ordinario ou certificado ou mediante correo electrónico, dirixida ao enderezo indicado para tal efecto por cada membro á Secretaría da Asociación.

ARTIGO 16.-Quórum de asistencia

Para quedar validamente constituída a Asemblea Xeral en primeira convocatoria, será necesaria a asistencia dunha terceira parte (1/3) do censo de Asociados/as. En segunda convocatoria será suficiente calquera número de asistentes.

Entre a primeira e segunda convocatoria deberán transcorrer, como mínimo, 30 minutos.

ARTIGO 17.- Presidencia e Secretaría da Asemblea Xeral

A Presidencia e a Secretaría da Asemblea Xeral serán atribución, respectivamente, das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría da Asociación. Será responsabilidade da Secretaría levantar acta da Asemblea.

En caso de ausencia ou incapacidade da Presidencia, será presidida pola Vicepresidencia da Asociación ou excepcionalmente por outro membro da Xunta Directiva; e na ausencia ou incapacidade da Secretaría, exercerá o cargo quen designar a Presidencia entre os membros da Xunta Directiva.

A acta será asinada pola Presidencia, a Secretaría e outros dous membros da Asociación.

ARTIGO 18.- Adopción de acordos

As decisións da Asemblea Xeral tomaranse por maioría simple de membros presentes ou representados. No caso de empate decidirá o voto de calidade da Presidencia.

Será necesaria unha maioría cualificada das dúas terceiras partes (2/3) dos membros presentes ou representados na Asemblea para:

- a) Disolver a Asociación.
- b) Modificar os Estatutos.
- c) Dispor ou enaxenar bens integrantes do inmovilizado da Asociación.
- d) Acordar constituir unha Federación ou integrarse nela.

As votacións serán efectuadas polo sistema de man alzada, salvo que a proposta da Xunta Directiva ou da maioría de asistentes, se acorde a votación pública e nominal ou por sufraxio secreto e libre.

Poderase votar a favor, en contra, ou ben absterse, ou no seu caso, votar en branco.

No caso de que a maioría simple fose gañada por votos en branco e/ou abstención, a votación considerarase nula, podendo, previo debate, efectuarse unha nova votación, ou pasar ao punto seguinte da Orde do Día.

Calquera cuestión previa terá que ser presentada por escrito á Secretaría da Asociación antes da Asemblea Ordinaria, e esta decidirá a súa inclusión na Orde do Día.

ARTIGO 19.- Representación

Unicamente no caso de elección da Xunta Directiva o membro da Asociación poderá delegar o seu voto noutro membro da Asociación presente na Asemblea.

A delegación será válida mediante apoderamento notarial ou ben no modelo que puxer á disposición das persoas asociadas a Secretaría da Asociación, no que constará o nome, apelidos, número de asociado/a, e sinatura da persoa delegante; e identificación da persoa en quen delega, coa limitación de 3 votos delegados por asistente.

ARTIGO 20.- Composición da Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o Órgano Executivo das decisións da Asemblea Xeral. Porén, contará coa autonomía mínima necesaria para o desenvolvemento das súas funcións, sen prexuízo das actuacións suxeitas á ratificación da Asemblea nos casos en que así for determinado nestes Estatutos.

A Xunta Directiva estará integrada por:

- Presidencia (1 persoa)
- Vicepresidencia (1 persoa)
- Secretaría (1 persoa)
- As diversas Comisións, conformadas por un mínimo de 6 e un máximo de 13 Vogais en total.

As Comisións terán encomendada a parcela de actividade que lle asignar a Presidencia, como Comunicación, Ensino, Teatro, Audiovisual, etc., podendo atribuírse unha actuación a máis dunha persoa segundo as necesidades que se consideraren oportunas.

Estas Comisións poden sufrir cambios na súa denominación, así como na súa propia conformación. Pode tamén darse a formación de outras novas segundo as necesidades que a Xunta Directiva considerar oportunas, e entre todos os integrantes da Xunta Directiva.

As Comisións poderán solicitar a colaboración doutros membros da Asociación con carácter continuado ou temporal.

A Xunta Directiva poderá contemplar a contratación dunha Xerencia profesional coas competencias que a propia Xunta Directiva lle asignar. As súas funcións serán especificadas no Regulamento de Réxime Interior.

A Xunta Directiva será elixida pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre e secreto e polo procedemento previsto nestes Estatutos.

ARTIGO 21.- Mandato e vacantes

O período de mandato da Xunta Directiva será de 2 anos.

Os cargos non terán remuneración.

Se durante o período de mandato se producisen vacantes nos cargos, procederase á súa substitución entre os asociados e asociadas de pleno dereito que a Xunta Directiva considerar oportuno. Porén, no caso de vacante na Presidencia, deberán ser convocadas novas eleccións nun prazo máximo de 3 meses a partir da data efectiva da vacante.

ARTIGO 22.- Competencias da Xunta Directiva

a) Convocar e fixar a data de celebración da Asemblea Xeral, tendo a obriga de sumar á Orde do Día da Asemblea Xeral Ordinaria aqueles temas que foren solicitados por membros da Asociación cun mínimo de 7 días de antelación.

b) Redactar os orzamentos e balances.

c) Regular o réxime económico da Asociación así como a organización administrativa.

d) Crear as comisións de traballo necesarias para a boa marcha da Asociación.

e) Admitir, suspender ou dar de baixa a membros da Asociación na forma prevista nos presentes Estatutos.

f) Interpretar os Estatutos e o regulamento de réxime interior, e velar polo seu cumprimento.

g) Contratar o persoal da Asociación e os servizos externos.

h) Calquera outra competencia que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

ARTIGO 23.- Reunións da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirse obrigatoriamente unha vez ao mes, e extraordinariamente cando o considerar oportuno a Presidencia ou for solicitado por un terzo dos seus membros.

Será obrigatoria a asistencia á reunión. No caso de non se poder asistir comunicaráselle previamente á Secretaría da Asociación.

As reunións da Xunta Directiva quedarán validamente constituídas coa asistencia de 5 dos seus membros, sempre que estiveren representadas validamente a Presidencia e a Secretaría da Asociación.

ARTIGO 24.- Adopción de acordos

Os acordos da Xunta Directiva tomaranse por maioría simple. En caso de empate decidirá o voto de calidade da Presidencia.

Do desenvolvemento da reunión será levantada Acta por parte da Secretaría, que será asinada, logo da súa aprobación, pola Secretaría co visto e prace da Presidencia.

ARTIGO 25.- Perda da condición de membro da Xunta Directiva

Perderase a condición de membro da Xunta Directiva por:

- a) Expiración do mandato.
- b) Renuncia da persoa interesada.
- c) Perda da condición de Asociado/a.
- d) Inasistencia inxustificada a tres sesións consecutivas ou falta de colaboración manifesta.

ARTIGO 26.- Funcións da Presidencia da Asociación

- a) Representar a Asociación diante de calquera instancia, e interpelar diante das vías gobernativas e xudiciais, ordinarias e especiais.
- b) Ordenar á Secretaría a convocatoria da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, e presidir as dúas reunións.
- c) Dar o visto e prace ás actas das reunións e velar polo cumprimento dos acordos adoptados.
- d) En nome da Asociación, contratar e dar poder a terceiros. Porén, precisará da ratificación da Asemblea Xeral nas contratacións, hipotecas, dereitos de garantía e préstamos bancarios e outras operacións de crédito por importe superior a 1/3 das cotas estimadas dos asociados do ano en curso, se non pertenceren á execución de convenios, subvencións e patrocinios que cumpran as finalidades previstas nos mesmos.
- e) Admitir subvencións e axudas, legados e herdanzas. Se supuxeren a asunción de débedas, requirirá a autorización da Asemblea Xeral.
- f) Ordenar os pagamentos a efectuar pola Asociación.
- g) Conferir apoderamentos a outros membros da Xunta Directiva ou a terceiros, nas materias propias da súa competencia.
- h) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconsellar, dando conta con posterioridade á Xunta Directiva, e á Asemblea no seu caso.

ARTIGO 27.- Funcións da Vicepresidencia

A Vicepresidencia asumirá a Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa responsábel desta.

ARTIGO 28.- Funcións da Secretaría

A Secretaría da Asociación é responsábel da Tesouraría e terá as seguintes atribucións:

- a) Colaborar directamente coa Presidencia.
- b) Responsabilizarse dos libros, documentos e material da Asociación.
- c) Ter ao día o censo de asociados e asociadas.

- d) Convocar a Asemblea Xeral por orde da Presidencia.
- e) Redactar a Acta da Asemblea Xeral e das reunións da Xunta Directiva. Poderá delegar noutra persoa e/ou apoiarse nun sistema tecnolóxico para este fin.
- f) Recoller e responsabilizarse dos fondos económicos da Asociación.
- g) Efectuar os cobros e pagamentos ordenados pola Presidencia ou pola propia Secretaría, e ter actualizados os libros correspondentes.
- h) Ter as contas á disposición do corpo asociativo.
- i) Redactar o balance e orzamento anual.

ARTIGO 29.- Funcións dos/as Vogais

- a) Estar á fronte e responsabilizarse dos posibles grupos de traballo que se crearen.
- b) Velar polo correcto funcionamento das súas Comisións e pola mellora das actividades relacionadas coa súa área tanto dentro coma fóra da Asociación.

ARTIGO 30.- Elección da Xunta Directiva

A elección da Xunta Directiva realizarase ao finalizar o mandato ou, no seu defecto, cando esta decida a súa disolución. O procedemento de voto e elección da Xunta Directiva será como segue:

- a) A Presidencia comunicará por escrito ás asociadas e asociados o motivo da celebración de eleccións, e convocará a Asemblea Extraordinaria a tal efecto.
- b) A partir da data da convocatoria de eleccións por parte da Presidencia, abrirase un prazo de 1 mes para se formaren as candidaturas. Estas deberán estar integradas por un mínimo de 9 membros de pleno dereito, ao día nas súas obrigas asociativas, e deberán especificar as persoas candidatas á Presidencia, Vicepresidencia e Secretaría.
- c) Unha vez transcorrido o devandito prazo de 1 mes, a Asociación remitirá ao censo de membros con dereito a voto unha papeleta de votación por cada candidatura presentada e un sobre de votación (sen destinatario nin remitente); ademais, un sobre franqueado con destinatario (a propia Asociación) e remitente (cada votante). Establécese como data límite para a votación o propio día da Asemblea Extraordinaria.
- d) Cada votante deberá introducir a papeleta escollida no sobre de votación, e fechalo. Este, á súa vez, será introducido no sobre con franqueo, destino e remitente, e enviado por correo ou entregado en man na propia Asemblea Extraordinaria.
- e) Na Asemblea Extraordinaria convocada a tal efecto, a Secretaría abrirá os sobres franqueados e mesturará entre si os sobres de votación para garantir o segredo do sufraxio. Feito isto, procederá á apertura e lectura dos votos.

O recuento de votos será levado a cabo por un mínimo de dúas persoas da Xunta Directiva designadas pola Presidencia con este fin.

f) Unha vez efectuado o recuento, proclamarase a candidatura elixida por maioría simple. En caso de se producir un empate, as candidaturas empatadas serán sometidas a unha segunda votación secreta entre os membros de pleno dereito presentes na Asemblea Extraordinaria.

g) As persoas indicadas para a Presidencia, a Vicepresidencia e a Secretaría na candidatura elixida tomarán posesión dos seus cargos ante a propia Asemblea. O resto dos cargos serán decididos na primeira reunión da Xunta Directiva convocada con este fin.

h) Calquera membro da Asociación presente na Asemblea poderá solicitar da Presidencia un recuento dos votos, se existir sospeita de erro ou irregularidade.

i) No caso de non se presentar ningunha candidatura no prazo establecido no punto b), será elixida unha Comisión Xestora por voto directo entre os membros de pleno dereito presentes na Asemblea Extraordinaria. Esta Comisión Xestora terá como función principal convocar un novo proceso electoral e xestionar o funcionamento ordinario da Asociación.

k) No caso de se presentar unha soa candidatura no prazo establecido no punto b), non se levará a cabo o proceso descrito nos puntos c) a f), e será na Asemblea Extraordinaria onde se realizará unha votación secreta para referendar a devandita candidatura. En caso de que esta non obtivese a maioría simple, realizarase unha nova votación para elixir unha Comisión Xestora segundo se indica no punto i).

CAPÍTULO V: PATRIMONIO FUNDACIONAL, RÉXIME ECONÓMICO E LÍMITES DO ORZAMENTO ANUAL

ARTIGO 31.- Patrimonio

A Asociación terá patrimonio propio e independente. Os recursos económicos da Asociación, que non ten patrimonio fundacional, serán:

a) As cotas dos Asociados e Asociadas.

b) Axudas, legados, herdanzas, subvencións dos organismos oficiais, entidades públicas ou privadas ou persoas individuais.

c) Ingresos derivados do patrocinio e/ou o mecenado a cargo de empresas privadas e institucións públicas.

d) Os intereses que produzan os fondos da Asociación.

e) Calquera outro ingreso que se poida producir polas actividades da Asociación.

ARTIGO 32.- Orzamento anual

O orzamento anual inicial non terá límite.

ARTIGO 33.- Destino dos bens

A Asociación non poderá destinar os seus bens a fins distintos dos propios da Asociación.

CAPÍTULO VI: MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

ARTIGO 34.- Modificación dos Estatutos

Os presentes Estatutos só poderán ser modificados pola Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto, adoptándose o acordo coa maioría cualificada das dúas terceiras partes (2/3) dos membros presentes ou representados na Asemblea que sinalan estes Estatutos.

CAPÍTULO VII: DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 35.- Disolución

A Asociación establécese por tempo ilimitado e só se disolverá polas causas previstas legalmente e no caso seguinte:

- a) Decisión da Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada a tal efecto, coa maioría cualificada das dúas terceiras partes (2/3) dos membros presentes ou representados na Asemblea.

ARTIGO 36.- Liquidación

En caso de disolución actuará como Comisión Liquidadora a última Xunta Directiva en exercicio ou aqueles membros da Asociación escollidos para o caso na Asemblea Xeral. Esta comisión procederá á liquidación do patrimonio social, co seu produto saldará débedas e destinará o que sobrar a finalidades de carácter cultural, preferentemente a todas aquelas que beneficiaren a profesión das asociadas e asociados.